

---

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380

[webs.uvigo.es/fit](http://webs.uvigo.es/fit)  
[sdffit@uvigo.es](mailto:sdffit@uvigo.es)

---

Facultade de Filoloxía e Tradución  
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 4/07/2019

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 4 de xullo en sesión presencial.

**Asistentes:**

*Presidencia*

Luis Alonso Bacigalupe

*Secretaría*

Dolores González Álvarez

*Enlace de Igualdade*

Maribel del Pozo Triviño

*Membros da CC*

*Sector profesorado*

Inmaculada Báez Montero

Ana Bringas López

Helena Cortés Gabaudán

Miguel Cuevas Alonso

Jorge Figueroa Dorrego

Francisco José Ledo Lemos

Lourdes Lorenzo García

José Montero Reguera

Ana María Pereira Rodríguez

Alexandre Rodríguez Guerra

Rosalía Rodríguez Vázquez

Nuria Yáñez Bouza

*Sector PAS*

Belén Otero Rey

*Desculpan*

Ana Luna Alonso (PDI)

Raúl Manuel Pérez Álvarez (estudiante)

*Non asisten*

Alba Gil Vicente (estudiante)

Carmen Luna Senllés (PDI)

Tania Souto Rodal (estudiante)

José Yuste Frías (PDI)

Ábrese a sesión ás 13:05.

## Orde do día

### **1. Aprobación, se procede, das guías docentes dos primeiros cursos dos graos da FFT.**

O decano agradece o esforzo das coordinacións de grao e da vicedecana de calidade na revisión das guías docentes cuns prazos moi axustados.

Apróbanse por asentimento.

A Coordinadora do grao en Linguas Estranxeiras solicita elevar unha queixa á área de calidade polas numerosas incidencias que se tiveron que abordar coa plataforma DocNet, un número importante delas derivadas da desaparición das metodoloxías e sistemas de avaliación ‘outros’. Por outra banda bolseiros e lectores aparecen como responsables de materias.

Apróbase por asentimento.

### **2. Aprobación, se procede, das respostas ás alegacións da memoria de verificación do novo grao: “Filoloxías Galega e Española”.**

O decano presenta as tres propostas de alegacións achegadas coa documentación da convocatoria da comisión de calidade. A primeira delas é una enmenda á totalidade do texto, presentada polo propio equipo de governo do centro que contén exclusivamente cambios formais: ortotipográficos, de estilo e de utilización de linguaxe inclusiva.

Apróbase por asentimento aceptar esta alegación.

A segunda achega é una proposta do profesor Alexandre Rodríguez Guerra, que propón adaptar o formato das fichas das materias de portugués ao formato do resto das guías.

Apróbase tamén por asentimento.

O terceiro e último conxunto de alegacións é o presentado pola área de grao da Universidade de Vigo concxuntamente coa área de calidade. Neste caso discútense unha a unha as alegacións formuladas. Acéptanse todas as alegacións de carácter técnico (as relativas aos códigos ISCED, ás competencias, ao número de créditos optativos, ao nome das materias de formación básica, etc.) e rexéitanse as que se indican a continuación:

(i) “O nome do grao debería ser GRADO EN GALLEG0 E ESPAÑOL.” Achégase (anexo I) a xustificación que se enviará á reitoría coas razóns polas que se mantén o nome de ‘Grao en Filoloxías Galega e Española’, refrendado por unha moi ampla maioría (e sen votos en contra) en todos os órganos competentes da FFT (Xunta de Titulación, Comisión de Calidade e Xunta de Facultade), e se rechaza o proposto nesta alegación en base a un suposto acordo do equipo de governo da universidade coa SXU, do que a FFT non foi informada nin ten coñecemento.

(ii) “En las fichas de las materias, la ponderación mínima no debe de ser 0%, ya que eso supone la no utilización de ese sistema de evaluación”. No anexo II explícase polo miúdo as razóns polas que non se estima esta alegación. O 0% é necesario para que se poda avaliar de maneira diferente ao alumnado de avaliación continua e de avaliación final, por exemplo.

(iii) "A táboa de profesorado non se corresponde co profesorado con horas de docencia no grao. É necesario axustar esta táboa." Rexítase esta alegación porque o novo grao ten 90 créditos en común co grao en Linguas Estraxeiras, o que implica a incorporación de profesorado das áreas de inglés, francés e alemán. Fíxose unha estimación do profesorado de ditas áreas que impartiría docencia ao alumnado do novo grao de Filoloxías Galega e Española.


(iv) "Necesítase un fai constar da Vicerreitoría de Captación de Alumnado. Estudantes e Extensión Universitaria da que depende a área de Emprego en relación cos convenios para prácticas que deben de estar vixentes.". O actual grao en Ciencias da Linguaxe non ten materia de prácticas externas polo que non hai firmados convenios de prácticas con este fin. Por outra banda non poden firmarse convenios para un grao que non está aprobado, aínda que xa se fixeron os oportunos contactos con empresas e institucións para formalizar o convenio cando o grao sexa aprobado.

(v) "En el punto 10.3 se deben especificar el título de grado que se extingue como consecuencia de la verificación del título propuesto." Esta alegación non procede porque o título se especifica na páxina final da memoria.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 12:55.


Vigo, 4 de xullo de 2019

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe

A secretaria (Vicedecana de calidade)



Dolores González Álvarez